

# QUERIDA DIRECTORA DE TELEVISIÓN ESPAÑOLA:

Levo moito tempo querendo escribirlle esta carta, pero até o de agora non me daba decidido, á parte de que estiven ocupadísima vendo a tele nesta última tempada. Verá vostede, unha das cousas que máis me gustan é ver a tele, véxoa sempre que podo e son das que deixan o vídeo a gravar se algunha das miñas series favoritas é en horario de traballo. Na miña casa temos unha tele para cada un, ademais das da cociña e da sala.

Pero non me vou a enrollar aquí con detalles da miña vida, que vostede terá moito que facer e eu tamén, que me vai empezar Luar, e me vai saír o sobriño no público. A índa que non é da TVE, recoméndolle moito que o vexa, pois é do melloriño que temos na nosa tele galega... pero non se nos vaia antollar co Gayoso e levalo para a súa tele, que quedamos a velas vir.

Pois como lle dicía, querida directora, estiven moi ocupada esta tempada cola tele, porque hai que ver a cantidade de acontecementos, tan tristes algúns, que pasaron ultimamente. Teño que felicitala pola morte do papa. A ver, enténdame, quería dicir por todos os programas que puxeron nesas datas. Eu xa quería ben a este papa noso, que me parecía moi boa persoa, pero, dígolle a verdade, antes de ver as súas reportaxes eu non sabía que era tan bo. Non lle me estraña que o fagan santo, e se teño saúde e cartos hei de ir aló, a Roma; xa que perdín o da morte, non hei perder o da canonización. ¡Que envexa me deron todas esas persoas que estiveron na praza de San Pedro día e noite, rezando a pé feito polo Santo Padre!. Non, outra coma esta non a perdo en directo, aínda que agora que recuperei a fe na nosa tele, non dubido que daquela nolo retransmitan con todo luxo de detalles.



E digo o de "recuperar a fe na tele", porque eu estaba tremendo cando gañaron as eleccións os socialistas e pobre Sr. Urdazi, un profesional excelente, tivo que abandonar o seu posto. ¡A té nos van quitar a misa dos domingos!, pensei eu e, por sorte, enganeime. E que estes socialistas parecía que tiñan teima coa relixión, que até a querían sacar da escola, da tele e de todas partes. A gora, despois da morte do papa, a todos nos queda claro que España é un país católico, como sempre foi e sempre ha de ser. ¡Que estado laico, nin que farrapos de gaita! Mire como nos solidarizamos todos, e puxemos as bandeiras con lazos negros. A ta os socialistas



# QUERIDA DIRECTORA DE TELEVISIÓN ESPAÑOLA:



se emocionaron coa morte de Xoán Paulo II, aínda recordo a cariña de pena de Dña M<sup>a</sup> Teresa Fernández de la Vega e as palabras de Zapatero. É que os socialistas tamén teñen o seu corazónciño.

E aínda non tiveramos tempo de repoñernos desta desgraza, e xa ve, que nos morre Rainiero de Mónaco. ¡Que home tan bo e que vida tan triste lle tivo que pasar! Porque os ricos tamén lle pasan as súas penas. ¡Que guapísima lle era a muller e que namorado se lle vía dela! Mágoa que os fillos lle saíran algo tortos, aínda parece que a Carolina ía endereitando algo, jesa si que ten mala sorte cos homes!. Por certo, querida Carmen (e perdoe a confianza), tampouco estaría mal que falasen algo máis

sobre as familias reais europeas, que é moito máis bonito velo na tele que andar comprando revistas. E se non teñen espazo, xa podían ir quitando todos eses programas de libros e documentais que non sei quen os ve. É que na segunda cadea pónenlle cada cousa...

Menos mal que despois de tanta morte vennos a boa nova dun nacemento. Non sabe o que me alegrei, querida Carmiña (permítame que lle chame así), polo embarazo da princesa; case aínda máis que cando me decatei de que ía ter o meu primeiro fillo. Aí, Carmiña, espero que non nos decepcione e nos vaia contando todos os detalles do embarazo, o parto e o nacemento. Eu xa estou desexando saber se é neno ou nena ¿vannos poñer pola tele a primeira ecografía real? ¡Que emocionante sería ver en posición fetal o noso futuro rei!

E antes de despedirme, que me vai empezar o Luar, quería dicirlle que non faga caso das críticas. A audiencia non baixou nadiña, que llo digo eu que non coñezo a ninguén que non estivera vendo todo o día o do papa. Ademais, é moito mellor que nos poñan a morte do papa ou a de Rainiero, que os coñecemos todos. Porque, digo eu, e vostede aínda o saberá moito mellor ca min ¿Que nos importa a nós o que pasa en África ou en todos eses países, Uzbequistán, Kirziguistán ou nonseiquistán, se non sabemos sequera onde quedan? É certo que a min, que lle son moi sensible, me da moita pena ver negriños e mouros mortos. Pero é que eu a esta xente non lla coñezo de nada, e xa teño abondo cos meus problemas. E o da guerra do Iraq ¿é que non acabara xa? Todos os días a falar dela, e logo aínda se queixan do que puxeron do papa. Que non, miña Carmiña, que non faga caso e a quen non lle guste a tele que non a vexa e pague as cadeas privadas. Que se a tele é de todos será para ver cousas bonitas e non as salvaxadas que fan os negros ou os terroristas árabes. E antes de despedirme dígolle, polo seu ben, que ate máis curto aos da segunda cadea, que lle van quitar toda a audiencia con tanto documental deprimente, tanto programa de libros e tanto debate. Un abrazo.

Unha teleadicta.